

EXPEDIENTE: 2025/E001/000003 (relacionado co expediente 2025/A008/000023)

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS E 1 ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2025)

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE 2 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

Visto o expediente que se tramita para a selección, por oposición de 2 peóns/peoas forestais, segundo as bases aprobadas por Resolución da Alcaldía 237/2025 de 02/06/2025, ao abeiro da subvención regulada pola Orde do 5 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (DOG núm. 50, do 13 de marzo de 2025).

Remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia a relación de candidatos/as, relativa á oferta núm. 12-2025-5433 (peóns/peoas forestais), e presentada por estes/as a documentación solicitada na convocatoria, de conformidade coas Bases 5ª e 6ª das que rexen o proceso selectivo. Rematado o prazo de presentación de solicitudes o día 25/06/2025 procedeuse a revisar as solicitudes de participación.

Comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, e en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo de peón/peoa forestal, do xeito seguinte:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
822	Calvo Soto Manuel	ADMITIDO
907	Gallego Puente Jose Ramón	ADMITIDO
094	Rodríguez Teira Marcos	ADMITIDO

Segundo.- Designar ao tribunal cualificador para o proceso selectivo de peón/peoa forestal, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: Roberto Grela Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Juan José Muíños Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: Abel García Fabeiro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María Isabel Francisco Saborido, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Ana María Rial Dafonte, funcionaria do Concello de Dodro.

Suplente: Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Titular: Sonia María Montoiro Castro, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María José Rodríguez Expósito, funcionaria do Concello de Dodro.

Secretaria:

Titular: Mª Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Terceiro.- Convocar ao Tribunal Cualificador do proceso de selección de 2 peóns/peoas forestais para a súa constitución o día 04/07/2025, ás 08:30 horas, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Cuarto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para a selección de 2 peóns/peoas forestais, ás 09:00 horas do día 04/07/2025, no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Quinto.- Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, aos aspirantes que teñen acreditado estar en posesión do Celga 1.

As persoas que se relacionan a continuación non acreditaron estar en posesión do Celga 1 e polo tanto, teñen que realizar a proba de galego correspondente ao nivel Celga 1:

DNI/NIE	APELIDOS E NOME
822	Calvo Soto Manuel
907	Gallego Puente Jose Ramón
094	Rodríguez Teira Marcos

Sexto.- Convocar aos aspirantes citados no punto anterior para a realización da fase de oposición correspondente a proba de coñecemento da lingua galega (Celga 1) ás 10:00 h do 04/07/2025 no Pavillón Polideportivo do Concello de Dodro.

Sétimo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Oitavo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na vindeira sesión que se teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe